



Informe de tesourería e intervención

Asunto: Informe do cuarto trimestre de 2014 relativo ao cumprimento de prazos da lei 15/2010

Os funcionarios que subscriben, en cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emiten o seguinte informe:

Antecedentes de feito

O día 6 de xullo de 2010 publicouse no BOE a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación. O obxectivo último da lei é a diminución dos prazos de pago, e a loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dentro das cales se atopan as realizadas polas administracións públicas.

Do texto da lei dedúcense unhas obrigas de rendición de información e dación de contas por parte das administracións públicas, entre as cales se atopa a Deputación Provincial de Lugo.

Así mesmo, o día 17/02/2011 emítase Resolución de Presidencia (modificada o día 07/01/2013) na que se resolve o seguinte:

1. Creación formal do Rexistro de Facturas, que entra en funcionamento o día 01/03/2011.
2. Procedemento de tramitación para o pago de facturas no que, entre outros aspectos, se establece que a data de rexistro do Rexistro de Facturas marca o inicio do cómputo do prazo de pago de facturas, agás no caso das certificacións de obra onde é a data de expedición da certificación a que marca o inicio do cómputo do prazo de pago.

O día 23 de febreiro de 2013 publicouse no BOE o Real decreto lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, que entra en vigor o día 24 de febreiro de 2013, e que modifica artigos de diferentes normas e ámbitos, sendo o artigo 33, Disposición Transitoria 3ª, Disposición Final quinta e sexta as que afectan á morosidade.

Posteriormente, a Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público (D.A. 1ª e D.F. 2ª) e a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público (artigo 9 e D.Derogatoria), modifican artigos de diferentes normas que afectan á morosidade. Así mesmo o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MFAP) emite unha Nota interior o pasado 15 de xaneiro, especificando o cálculo do período medio de pago exclusivamente aos efectos da Disposición Transitoria 10ª da Lei 27/2013, de 27 de decembro.

Fundamentos de dereito

- Artigos 1,3 e 4 e Disposición Transitoria Primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 33, D.T. 3ª, D.F. 5ª e D.F. 6ª do Real decreto lei 4/2013, de 22 febreiro.
- Artigo 10.2 de Lei 25/2013, de 27 de decembro.
- D.Adicional 5ª de Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro.

Como mecanismo de transparencia no cumprimento das ditas obrigas de prazos de pago, a dita Lei 15/2010 establece que se rendan informes periódicos, tal e como dispoñen os apartados 3 e 4 do artigo cuarto da dita lei:

"Artigo 4. Morosidade das Administracións Públicas.

...

3. Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo os seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

...

Informe

Para a súa elaboración e a dos anexos adoptáronse, por unha banda, os criterios colexiais do Consello Xeral de Secretarios, Interventores e Tesoureiros e, por outra, seguiuuse a guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao MFAP, que está a disposición dos usuarios na web do MFAP, na oficina virtual das entidades locais, e que aínda non foi adaptada polo MFAP ás modificacións do RDL 4/2013, así como a Nota interna do 15 de xaneiro do MFAP.

O ámbito de aplicación son as operacións comerciais, estando incluídas aquelas que realicen os poderes adxudicadores para a execución dos contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, subministros, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado.

Quedan, por tanto, excluídos todos os gastos de retribucións do persoal, gastos de transferencia corrente ou de capital, gastos de natureza financeira e pagos pendentes derivados de obrigas non orzamentarias.

Polo que respecta aos prazos de pago, o artigo 216.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece o prazo de pago en 30 días, sendo o prazo de pago de dous meses para o caso das certificacións finais de obras (artigo 166 do RLCAP) e de sesenta días para as liquidacións de obra (artigo 235.3 TRLCSP). No mesmo senso, a D.A. 5ª da L.O. 9/2013, de 20 de decembro, determina o prazo de pago a provedores en 30 días.

Neste senso hai que resaltar que tras a modificación introducida polo Real decreto lei 4/2013, non é pacífica a interpretación desta norma debido a modificación dos prazos de pago respecto ao seu cómputo.

Así, a Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público que modifica a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece que: " por Orde do Ministerio de Facenda e AAPP, previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira, desenvolverase a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das AAPP conforme a criterios homoxéneos e que terá en conta os pagos efectuados e as operacións pendentes de pago."

Con data de 15 de xaneiro de 2014 a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local dependente do Ministerio de Facenda e AAPP emitiu unha nota relativa á aplicación da disposición transitoria 10ª da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de administración local, na que establece, en relación ao período medio de pago a provedores, que se terán en conta os seguintes criterios aos efectos exclusivos da citada disposición transitoria 10ª:

...
Entenderase por número de días de pago no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pago, de acordo co previsto nos artigos 216.4, 222 e 235 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (LCSP) ou no artigo 4 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, segundo corresponda (con carácter xeral, nun prazo de 30 días dende a data do recoñecemento da obriga, que, á súa vez, deberá producirse nun prazo máximo de 30 días dende a recepción da factura ou solicitude de pago equivalente), e a data de pago material.

Entenderase por número de días pendentes de pago no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pago, de acordo co previsto na LCSP ou a lei 3/2004 segundo corresponda, ata o día 31 de decembro de 2013.

...
A maior abundamento, o día 30 de xullo de 2014 publicouse no BOE o Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas previsto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación, se ben o regulado neste Real decreto e obxecto doutro informe, o cal se acompaña xunto con este informe, referido ao mes de decembro.

Por todo o anterior e tendo en conta os criterios manifestados por persoal do Ministerio de Facenda e AAPP e a IGAE en diferentes xornadas e seminarios, óptase por presentar un anexo I comprensivo dos períodos medios de pagos a partir da data de recoñecemento da obriga (que resulta un período medio de pago de 11,44 días) e un anexo II comprensivo do período medio de recoñecemento de obrigas (que resulta un período medio de recoñecemento de obrigas de 24,28 días).

Polo que atinxe ao período concreto respecto ao que se emite o presente informe e anexos, correspóndense cos documentos xustificativos do cuarto trimestre de 2014 respecto dos que se cifrará o número e contía global dos mesmos e relacións valoradas anotadas no Rexistro de Facturas, tal e como se recolle nos Anexos a este informe.

Por todo o exposto **propónse:**

Primeiro. Que o presente informe e os seus anexos se eleven ao Pleno da Deputación.

Segundo. Dispoñer que se proceda á inserción na páxina web da Deputación do presente informe e do anexo I.

Terceiro. Que, en todo caso, se de traslado aos órganos competentes do MFAP (á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas CCAA e coas EELL) e á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.

Lugo, 23 de xaneiro de 2015

A interventora

Rosa Abelleira Fernández



O tesoureiro

José Ferreiro Fernández

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
PLENO

Sesión do día

O PRESIDENTE
P.D. Decreto nº 2236/2012, de 16-07-2012
A VICEPRESIDENTA

Assin: Luis Mónica López

O SECRETARIO P.S.



ANEXO I

Informe TRIMESTRAL de cumprimento de prazos Lei 15/2010
Detalle de Pagamentos Realizados e Pendentes de Pago da Entidade Local

ENTIDADES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

Entidade Local:

Deputación Provincial de Lugo

Informe correspondente ao Exercicio:

2014

Trimestre:

CUARTO

Pagamentos realizados no Trimestre	Período Medio de Pago (PMP) (días)	Período Medio de Pago Excedido (PMPE) (días)	Pagamentos realizados no trimestre			
			Dentro período legal de pago		Fora período legal de pago	
			Núm. de pagamentos	Importe total	Núm. de pagamentos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	11,2	5,51	1370	3.092.637,27 €	2	1.126,00 €
20 Arrendamentos e Canons	12	-	4	9.737,71 €	0	0,00 €
21 Reparacións, Mantemento e Conservación	11,43	-	284	1.013.944,56 €	0	0,00 €
22 Material, Subministrados e Outros	11,09	5,51	1082	2.068.955,00 €	2	1.126,00 €
Investimentos reais	11,74	37	91	2.398.412,55 €	1	107.681,53 €
6 Investimentos reais	11,74	37	91	2.398.412,55 €	1	107.681,53 €
Outros Pagamentos por Operacións Comerciais	11,39	-	11	114.156,46 €	0	0,00 €
OC Outras operacións comerciais	11,39	-	11	114.156,46 €	0	0,00 €
Total	11,44	36,67	1472	5.605.206,28 €	3	108.807,53 €

Xuros de mora pagados no trimestre	Xuros de mora pagados no trimestre	
	Número de pagamentos	Importe total xuros
Gastos Correntes en Bens e Servizos	-	- €
Investimentos Reais	-	- €
Outros Pagamentos realizados por operacións comerciais	-	- €
Sen Desagregar	-	- €
Total	-	- €

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período Medio do Pdte. Pago (PMP) (días)	Período Medio do Pdte. Pago Excedido (PMPPE)	Pendentes de pago ao final do trimestre			
			Dentro período legal de pago		Fora período legal de pago	
			Núm. de operacións	Importe total	Núm. de operacións	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	4,89	-	290	716.045,78 €	0	0,00 €
20 Arrendamentos e Canons	8	-	1	3.205,57 €	0	0,00 €
21 Reparacións, Mantemento e Conservación	2,68	-	44	92.299,28 €	0	0,00 €
22 Material, Subministrados e Outros	5,2	-	245	620.540,93 €	0	0,00 €
Investimentos reais	4,4	-	23	475.089,08 €	0	0,00 €
6 Investimentos reais	4,4	-	23	475.089,08 €	0	0,00 €
Outros Pagos Pdtes. por Operacións Comerciais	4,3	-	4	33.391,62 €	0	0,00 €
OC Outras operacións comerciais	4,3	-	4	33.391,62 €	0	0,00 €
Total	4,68	-	317	1.224.526,48 €	0	0,00 €

Facturas ou docum. xustificativos ao final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes do recoñecemento da obriga (artigo 5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR)	Pendente de recoñecemento de obriga	
		Número	Importe total
Material, Subministrados e Outros	164,37	61	271.465,77 €
Investimentos reais	321,72	3	73.275,35 €
Sen desagregar	268,93	110	210.023,38 €
Total	224,74	174	554.764,50 €



ANEXO II

Informe TRIMESTRAL de cumprimento de prazos Lei 15/2010

Detalle do período medio de recoñecemento de obrigas (OR) das facturas pagadas da Entidade Local

ENTIDADES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

Entidade Local:

Deputación Provincial de Lugo

Informe correspondente ao Exercicio:

2014

Trimestre:

CUARTO

Pagamentos realizados no Trimestre	Período Medio de OR das fras. pagadas (días)	Período Medio de OR fras. Pago Excedido (días)	Pagamentos realizados no trimestre			
			Dentro período legal de pago		Fora período legal de pago	
			Núm. de pagamentos	Importe total	Núm. de pagamentos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	28,49	8,51	1370	3.092.637,27 €	2	1.126,00 €
20 Arrendamentos e Canons	15,89	-	4	9.737,71 €	0	0,00 €
21 Reparacións, Mantemento e Conservación	18,41	-	284	1.013.944,56 €	0	0,00 €
22 Material, Subministrados e Outros	33,48	8,51	1082	2.068.955,00 €	2	1.126,00 €
Investimentos reais	18,22	20	91	2.398.412,55 €	1	107.681,53 €
6 Investimentos reais	18,22	20	91	2.398.412,55 €	1	107.681,53 €
Outros Pagamentos por Operacións Comerciais	43,19	-	11	114.156,46 €	0	0,00 €
OC Outras operacións comerciais	43,19	-	11	114.156,46 €	0	0,00 €
Total	24,28	19,88	1472	5.605.206,28 €	3	108.807,53 €

Xuros de mora pagados no trimestre	Xuros de mora pagados no trimestre	
	Número de pagamentos	Importe total xuros
Gastos Correntes en Bens e Servizos	-	- €
Investimentos Reais	-	- €
Outros Pagamentos realizados por operacións comerciais	-	- €
Sen Desagregar	-	- €
Total	-	- €

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período Medio de OR de Pdte. Pago (días)	Período Medio de OR. do Pdte. Pago Excedido	Pendentes de pago ao final do trimestre			
			Dentro período legal de pago		Fora período legal de pago	
			Núm. de operacións	Importe total	Núm. de operacións	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	40,57	-	290	716.045,78 €	0	0,00 €
20 Arrendamentos e Canons	11	-	1	3.205,57 €	0	0,00 €
21 Reparacións, Mantemento e Conservación	9,88	-	44	92.299,28 €	0	0,00 €
22 Material, Subministrados e Outros	45,29	-	245	620.540,93 €	0	0,00 €
Investimentos reais	75,66	-	23	475.089,08 €	0	0,00 €
6 Investimentos reais	75,66	-	23	475.089,08 €	0	0,00 €
Outros Pagos Pdtes. por Operacións Comerciais	45,68	-	4	33.391,62 €	0	0,00 €
OC Outras operacións comerciais	45,68	-	4	33.391,62 €	0	0,00 €
Total	54,32	-	317	1.224.526,48 €	0	0,00 €

Facturas ou docum. xustificativos ao final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes do recoñecemento da obriga (artigo 5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR)	Pendente de recoñecemento de obriga	
		Número	Importe total
Material, Subministrados e Outros	164,37	61	271.465,77 €
Investimentos reais	321,72	3	73.275,35 €
Sen desagregar	268,93	110	210.023,38 €
Total	224,74	174	554.764,50 €